



Director editorial Francisco Villegas Belmonte

Canción de Nadal

Charles Dickens

Primeira edición, outubro 2010

© Texto orixinal: Charles Dickens

© da adaptación do texto e as ilustracións: Rosa Fuentes

© da tradución: María Lado

Maquetación: Ramón Pais Martínez

© da edición

Edicións do Cumio, S. A.

A Ramalleira, 5 - 36140 Vilaboa (Pontevedra)

Tel. 986 679 035

cumio@cumio.com / www.cumio.com

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra soamente pode ser realizada coa autorización dos titulares, salvo excepción prevista pola lei.

Diríxanse a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org)

se precisan fotocopiar, escanear ou facer copias dixitais dalgún fragmento desta obra.

ISBN: 978-84-8289-388-4

Impresión: Gráficas Varona, S. A.

Depósito legal: VG 895-2010

Impreso en España

Adaptación do texto: Rosa Fuentes

O espectro de Marley

Comecemos dicindo que Marley morrera. E podémolo dicir con toda seguridade, xa que o día do enterro asinaron o seu pasamento catro funcionarios ademais de Scrooge, o seu socio e único amigo.

O nome de Scrooge gozaba de gran prestixio no eido das finanzas. Era, sen dúbida, un gran comerciante. Nin a morte de Marley lle impediu pechar un bo negocio ese mesmo día.

Que Marley morrera débenos quedar moi clariño, perfectamente comprendido, se non nada admirable se pode ver na historia que vos vou relatar.

Malia os sete anos transcorridos dende a súa morte, sobre a porta da oficina seguía destacando a antiga inscrición:

“Scrooge & Marley”

E por esta razón os clientes novos cometían, ás veces, o erro de chamar a Scrooge, Marley. Pero ao noso home de negocios este detalle non lle molestaba e atendía tanto polo seu nome como polo do finado.


En realidade, prefería iso a ter que gastar tempo e cartos en corrixir o rótulo da porta. Porque para Scrooge só había unha cousa importante no mundo: o beneficio. E todo o demais eran, segundo el, simples parvadas.

Ademais de cutre, avarento e miserable, tiña moi mal carácter, era impaciente, túzaro e nunca sorría. O seu frío corazón xeara as faccións da súa cara.

Endexamais ningún neno se lle achegou, nin ninguén ousou preguntarlle pola hora ou pedirlle esmola na rúa. Nin os cans, que saúdan felizmente a calquera transeúnte, movían sequera o rabo ao velo.

Iso era precisamente o que Scrooge desexaba, seguir o seu camiño ao longo dos vieiros da vida apartado de toda humana simpatía para manter a distancia.

Scrooge tiña na oficina un empregado que, por un salario ínfimo, botaba todo o día escribindo, corrixindo e arquivando papeis nun cuartucho frío e mal iluminado. Do teito pendía, timidamente, unha escuálida bombilla, único foco de luz e calor desa estancia tan lúgubre. Bob, o seu empregado, sabía que Scrooge era moi agarrado e que se se queixaba, despediríao. O traballo escaseaba e o seu salario, aínda que pequeno, era indispensable para a súa familia.



Nunha tarde moi especial, por ser a véspera de Nadal, atopábase Scrooge, como adoitaba, traballando coa porta aberta para poder vixiar o seu empregado, cando unha voz alegre lle berrou moi de preto.

—Felices Pascuas, tío! —era o seu sobriño, que caeu sobre el precipitadamente coa intención de o abrazar.

—Parvadas! —respondeu Scrooge apartándose do mozo, mentres rexeitaba presuroso aquela mostra de afecto.

—Pero tío, unha parvada o Nadal? Seguramente non quixo dicir iso —replicou o sobriño con amabilidade.

—Parvadas! —repetiu Scrooge moi anoxado—. Dime, que razón tes ti para estar ledo co pobre que es?

—Vamos tío! E que razón ten vostede para estar tan malhumorado, co rico que é? —contestou o sobriño tan alegremente—. Non estea enfadado, por favor, e veña xantar con nós mañá —porfiou o sobriño.

—Sobriño! —repuxo o tío secamente—. Festexa o Nadal ao teu xeito e déixame a min celebralo ao meu.

—Pero se vostede non o celebra —protestou o sobriño.

—Como queres que celebre o Nadal? Non ves que é a época na que hai que pagar todas as contas? Na que te ves un ano máis vello? Na que, feito o balance nos libros, comprobamos que a ganancia é pequena? Se estivese nas miñas mans, a todos os idiotas que van co «felices Pascuas» nos beizos colgaríalos cunha soga dun acivro. Iso é o que faría! —dixo Scrooge con indignación.

—Ten que saber, tío Ebenezer —anotou o sobriño—, que o día de Nadal é o único día no ano no que homes e mulleres semellan estar de acordo para abrir os seus corazóns libremente, para dar cariño, para perdoar e ser perdoados. Non podemos desperdicialo.

O empregado, dende o seu alxube, aplaudiu as palabras do sobriño. Estaba de acordo e así o expresou.

—Como escoite e vexa eu outra desas manifestacións —berrou Scrooge dirixíndose ao seu asalariado— celebrarei o Nadal botándote á rúa. Des-pe-dín-do-te. Está claro?

—Vamos tío, non sexa tan duro e veña comer con nós, polo menos véñanos ver —pregou o sobriño.

—Encantaríame vervos... pero no inferno —dixo Scrooge irritado.

—Por que, tío? Por que non podemos ser amigos? Nunca houbo entre nós o menor desgusto —sinalou o sobriño.

—Por que casaches? —inquiriu Scrooge.

